



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de  
Educación e Mocidade

ESCOLA MUNICIPAL de MÚSICA

## PROGRAMA DE CURSOS 2005

### ABRIL

- PERCUSIÓN LATINA
- INTRODUCCIÓN Á MUSICOTERAPIA

### MAIO

- INICIACIÓN Á ESCOITA
- FISIOTERAPIA PARA MÚSICOS
- PEDAGOXÍA MUSICAL

### INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

Escola Municipal de Música de Santiago  
Rúa de Betanzos, 55 – A Almáiga  
Correo electrónico: [emmc@jazzfree.com](mailto:emmc@jazzfree.com)

Tfno. 981- 570 748  
Fax: 981- 570 748

Dpto. de Educación e Mocidade de Santiago  
Rúa do Vilar, 13, 1º  
Correo electrónico: [dptoeducacion@aytocompostela.es](mailto:dptoeducacion@aytocompostela.es)

Tfnos. 981 554 400 / 401  
Fax. 981 571 511

## PERCUSIÓ N LATINA

DOCENTES: José Antonio Guevara (Percusionista cubano)  
DATAS: 9, 16, 23 e 30 de abril de 2005  
HORARIO: De 10 a 12 (o primeiro grupo) e de 12 a 14 (o segundo).  
CONTIDOS: - Oríxes e desenvolvemento da percusión cubana  
- A función de cada instrumento de percusión neste estilo. As congas, bongós, güiro, maracas, clave, timbal, tambora e güira

## INTRODUCCIÓ N Á MUSICOTERAPIA

DOCENTES: M<sup>a</sup> Pérez Laso, Monserrat López Merino (musicoterapeutas)  
DATAS: 16 de abril de 2005  
HORARIO: De 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas  
CONTIDOS:  

- Musicoterapia: definición, obxectivos.
- A música en terapia e a música como terapia.
- Dinámicas grupais.
- A improvisación musical como técnica para unha intervención Musicoterapéutica.
- A música e o sonido como axentes para establecer unha relación terapéutica que posibilite o crecemento y desenvolvemento da persoa.
- Ámbitos de aplicación da Musicoterapia.

## INICIACIÓ N Á ESCOITA

DOCENTES: Cándido Cabaleiro (concertista e profesor de piano, compoñente do grupo folque Caramuxo)  
DATAS: 14 e 21 de maio  
HORARIO: de 10,30 a 13 horas e de 16,30 a 19 horas  
CONTIDOS:  

- Percepción sonora: son, ruído, silencio.
- A música como linguaxe no tempo.
- A memoria, reproductora da forma.
- Significado da música.
- Distintos parámetros da música.
- Agrupacións temáticas.
- Introducción ás formas musicais clásicas.

## FISIOTERAPIA PARA MÚSICOS

DOCENTE: Juan Lestón  
DATAS: 26 de maio  
HORARIO: De 18 a 21 horas  
CONTIDOS:

- Levarase a cabo un traballo individual cos músicos que asistan, manipulando e desbloqueando tensións.
- Ensinaranse pautas xerais para cada instrumento para que, chegado o caso, cada músico poida solventar os posibles problemas e tensións que xurdan.

## PEDAGOXÍA MUSICAL

DOCENTES: Fernando Palacios  
DATAS: 31 de maio e 1, 2, e 3 de xuño  
HORARIO: por concretar  
CONTIDOS:

- Curso de Pedagogía musical
- Concerto didáctico
- Conferencias

### FERNANDO PALACIOS

Obtén a titulación de Profesor Superior de Pedagogía Musical no Conservatorio Superior de Música de Madrid con Premio Fin de Carreira.

A súa actividade diversifícase en campos ben diferentes: a Composición, a Interpretación, a Pedagogía, a Música Popular, a Musicografía e os Medios de Comunicación e Difusión da música.

Entre outros grupos, fundou *Rudy Armstrong Quartet*, *Academia de Educación Sentimental Agúndez-Palacios* e *Plásticos Palacios*. Pertenceu durante unha década ao grupo de música antiga *Alfonso X el Sabio*.

Como compositor recibiu encargos de: Festival de Alacante, Círculo de Belas Artes, Bienal Madrid-Burdeos, Orquestra de R.T.V.E., Cabildo de Tenerife, etc. Entre as súa obras destacan: *Viaje arbóreo*, *Ojo con la pintura*, *Calla*, *trompetilla*, *calla*, *Big piña*, *Un millón de pasos*, *Reel*, *bolero*, *polka*, *Fulgor en la cochambre*, *Modelos para armar*, *Pianocócteles*, *Las baquetas de Javier*, *Variaciones Estigma*, *El silencio de las sirenas*, *Tuve tuba por un tuvo* e *Insectos Infectos*. A maioría destas obras foron levadas ao disco e gravadas por R.N.E. Recentemente obtivo o premio á Mellor Música Orixinal de Teatro en *La Feria de Palma del Río* pola música incidental da obra de marionetas *Infimo*.

A súa obra máis coñecida, *La mota de polvo*, foi interpretada en concertos especiais dirixidos a nenos por numerosas orquestras (Sinf. de R.T.V.E., Sinf. de Berlín, Sinf. do Estado de Münster, Sinf. de Bogotá...) e foi obxecto de innumerables montaxes escénicos en centros escolares e escolas de música.

Foi colaborador de R.N.E., dirixindo e presentando programas como *Música sobre la marcha* e *Sonido e Oído* (2º premio Montecarlo e publicado por R.N.E.) e de T.V.E. (*Tira de música*, *Galería de música* e *Caja de música*).

Como mestre e comentarista musical imparte con asiduidade ensinanzas de distinta índole en Universidades, Fundacións, Conservatorios, Centros de Educación Especial, Cursos de Verán, Centros Culturais, etc.

Habitualmente publica artigos sobre música e pedagogía musical en revistas especializadas (*Eufonia*, *Quodlibet*, *12 Notas*) e en edicións fonográficas. É autor dos libros *Artilugios e instrumentos para hacer música*, *Piezas gráficas para la Educación Musical*, *Escuchar*, *20 reflexiones sobre música y educación musical* e *La brújula al oído*. Dirixe a colección de disco-libros para nenos *La Mota de Polvo*.

É asesor didáctico da Orquestra Filharmónica de Gran Canaria (onde creou o seu Departamento Pedagóxico e montou máis de cincuenta producións novas de Concertos Escolares) e da Institución Príncipe de Viana de Navarra. Así mesmo é colaborador nas campañas educativas da Sinfónica de Galicia, Sinfónica de R.T.V.E., Comunidade de Madrid, Sinfónica de Tenerife, Nacional de España, Clásica de Vigo, Cidade de Málaga, Orquestra de Córdoba, Sinfónicas de Colombia e Medellín, Fundación Albéniz, Teatro Lara e Caixa Madrid.